



Expte: 8739/2016

Procedemento: DOCUMENTACIÓN CONCELEIROS

Asunto: Solicitude do concelleiro pertecente ao G.P.M. Agrupación de Electores de Redondela 2019 (AER) da corporación municipal relativa a pasar de exercer as responsabilidades corporativas en réxime de adicación parcial.

### RESOLUCION DA ALCALDÍA

Visto o escrito presentado por Roberto Villar Rodríguez, concelleiro de AER, con NIF 78 733 828-K con data de entrada 13 de agosto de 2019 e núm 2019-E-RC-11353 do que resulta acreditada a vontade de deixar de exercer as responsabilidades corporativas en réxime de asistencias a órganos colexiados.

Considerando que o artigo 75.3 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local (LBRL) e o artigo 13.6 do Real decreto legislativo 2568/86 dispon que só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación da que formen parte na contía sinalada polo pleno da mesma.

Tendo en conta o réxime retributivo dos membros da Corporación, aprobado polo pleno da corporación municipal, na sesión extraordinaria organizativa celebrada con data de 12 de xullo de 2019, en base ao cal se recoñece aos membros da corporación, con responsabilidades do goberno e sen seren portavoz, percibir unhas retribucións brutas mensuais de 1.875€

Esta alcaldía, no exercicio das atribucións recoñecidas no artigo 21.1.s) da LBRL resolve :

1º.- Acceder ao solicitado polo Concelleiro Roberto Villar Rodríguez e recoñecer que, **con efectos do 14/08/2019**, o citado concelleiro deixará de exercer as responsabilidades corporativas en réxime de asistencias e percibirá unhas retribucións brutas mensuais de 1.875€.

2º.- Informar ao departamento de intervención e ao concelleiro Roberto Villar Rodríguez para o seu coñecemento e efectos.

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe.

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: ESQQLFDMRFP2N66PYGL6AT4AY | Corrección: http://redondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1